

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 19 DE XUÑO DE 2008

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a dezanove de xuño de dous mil oito, sendo as vinte horas e trinta minutos, ten lugar a sesión extraordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa, D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista:

D. José M. Francisco Mata Buyo
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal do Partido Popular (PP):

D. José Luis Dans Medín

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

D. Manuel Parga Fernández
D. Antón Sánchez García

Non asisten:

D. José Eduardo Zapata Roel (PP)
D.^a Silvia María Vázquez Cardelle (PP)

Así mesmo asiste:

A interventora municipal: D.^a Laura Gutiérrez Ortiz
O secretario accidental: D. Indalecio Taibo Salorio

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DO DÍA 29 DE MAIO DE 2008.

2.- PRÓRROGA DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA REALIZADAS POR ESTE CONCELLO NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, ATA O 1 DE XANEIRO DE 2022. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

3.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

4.- DETERMINACIÓN DAS RETRIBUCIÓNS POLO EXERCICIO DO CARGO: CARGOS DA CORPORACIÓN QUE SE DESENVOLVEN EN RÉXIME DE “DEDICACIÓN EXCLUSIVA”, E RETRIBUCIÓNS POR “DEDICACIÓN PARCIAL”. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

5.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA REFERENTES A:

- a) INTEGRANTES DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.
- b) NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.
- c) DELEGACIÓNS DE ALCALDÍA NOS/AS CONCELLEIROS/A.

6.- TOMA DE COÑECEMENTO DA NOVA ESTRUTURA ORGÁNICA DO CONCELLO.

7.- DAR CONTA DOS TITULARES E SUPLENTES QUE COMPOÑEN AS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DO DÍA 29 DE MAIO DE 2008.

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión plenaria do día 29 de maio de 2008; a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á dita acta, non formulándose, apróbase por unanimidade dos asistentes.

2.- PRÓRROGA DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA REALIZADAS POR ESTE CONCELLO NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, ATA O 1 DE XANEIRO DE 2022. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáselles conta aos/ás asistentes, do expediente correspondente a este punto da orde do día, no que consta, entre outros, a proposta da Alcaldía, que foi informada favorablemente pola Comisión Informativa, e que transcrita literalmente di:

“O pasado día 27 de marzo de 2008, na sesión ordinaria do Pleno municipal, adoptouse por unanimidade o acordo de prorroga-las delegacións de competencias en materia tributaria, na Excm. Deputación Provincial da Coruña ata o 1 de xaneiro de 2022.

Así mesmo, abriuse un período de exposición pública de 30 días hábiles dende a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia número 86, transcorridos desde o día 15 de abril de 2008 ata

o 21 de maio de 2008, ámbolos dous inclusive, non presentándose na Intervención municipal ningunha reclamación durante o devandito prazo, segundo consta no expediente.

En base a todo o anteriormente exposto,

PROPOÑO:

1. Elevar a definitivo o acordo provisional de delegacións de competencias en materia tributaria, na Excm. Deputación Provincial da Coruña.

2. Comunica-lo presente acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña.

O Pleno da corporación decidirá o que estime máis conveniente.

Bergondo, 9 de xuño de 2008=A Alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as once concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

3.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáselles conta aos/ás asistentes, da proposta da Alcaldía, que foi informada favorablemente pola Comisión Informativa, e que transcrita literalmente di:

“En cumprimento do previsto no artigo 38 c) do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), pola presente **propoño** ó Pleno municipal que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Nomear representantes da Corporación ós Sres. concelleiros/as que seguidamente se indican e nos órganos que tamén se sinalan:

1.- Nos Consellos Escolares de:

Colexio Público “Cruz do Sar”:

Titular: D^a Alejandra Pérez Máquez

Suplente: D^a María Begoña Calviño Dorado

Colexio Rural Agrupado (CRA) de Bergondo

Titular: D^a Alejandra Pérez Máquez

Suplente: D^a María Begoña Calviño Dorado

2.- No Consorcio de “As Mariñas”

Titular: a alcaldesa D.^a Alejandra Pérez Máquez

Suplente: concelleiro ou concelleira no que delegue

Segundo: Comunica-lo presente acordo aos/ás interesados/as e aos órganos correspondentes

O Pleno Municipal decidirá o que crea máis conveniente.

Bergondo, 6 de xuño de 2008=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as once concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

4.- DETERMINACIÓN DAS RETRIBUCIÓNS POLO EXERCICIO DO CARGO: CARGOS DA CORPORACIÓN QUE SE DESENVOLVEN EN RÉXIME DE “DEDICACIÓN EXCLUSIVA”, E RETRIBUCIÓNS POR “DEDICACIÓN PARCIAL”. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáselles conta aos/ás asistentes, da proposta da Alcaldía, que foi informada favorablemente pola Comisión Informativa, e que transcrita literalmente di:

“Polo equipo de Goberno municipal tense previsto proceder a reestruturar en diversas áreas os servizos municipais, de xeito que permitan desenvolver a complexa actividade do Concello de Bergondo na forma máis eficaz e eficiente posible, o que implica un notable incremento de traballo e de responsabilidade que sen dúbida repercutirá nun mellor funcionamento dos servizos.

De acordo co previsto no artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e 74 e 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), e tendo en conta as características deste Concello, procede inicia-lo procedemento correspondente para determina-las retribucións para os integrantes do Goberno municipal propoñéndose en consecuencia ó Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: *Os integrantes da Corporación que desenvolverán as súas responsabilidades corporativas en réxime de dedicación exclusiva e de dedicación parcial, cos dereitos e obrigas que os mesmos conlevan, serán os que seguidamente se indican e nas contías que tamén se sinalan con efectos desde o 1 de xullo de 2008:*

1.- Exercerán os seus cargos con DEDICACIÓN EXCLUSIVA:

.- A señora Alcaldesa D.ª Alejandra Pérez Máquez, fixándose para a mesma as retribucións de dous mil oitocentos (2.800) euros /14 mensualidades.

.- O Concelleiro delegado de URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, VÍAS E OBRAS, fixándose para o mesmo as retribucións de dous mil trescentos (2.300) euros/14 mensualidades.

2.- Exercerán os seus cargos con DEDICACIÓN PARCIAL, os Sres. Concelleiros/as que a continuación se relacionan, percibindo as retribucións que tamén se indican:

.- Concelleira/o delegado/a de DEPORTE, PROMOCIÓN ECONÓMICA E RÉXIME INTERIOR: mil (1.000) euros/14 mensualidades.

.- Concelleiro/a delegado/a de SERVIZOS XERAIS E INDUSTRIA: mil (1.000) euros/14 mensualidades.

.- Concelleiro/a delegado/a de SEGURIDADE CIDADÁ, ECONOMÍA E FACENDA: mil (1.000) euros/14 mensualidades.

.- Concelleiro/a delegado/a de BENESTAR SOCIAL E XUVENTUDE: mil (1.000) euros/14 mensualidades.

Estas retribucións estarán suxeitas ás variacións que se produzan cada ano, de acordo coa lexislación vixente que regule as variacións das retribucións dos funcionarios municipais e a súa percepción será incompatible coa de calquera outra retribución con cargo aos Presupostos das Administracións Públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes, sendo efectivas a partir do 1 de xullo de 2008.

Segundo: *Notificar este acordo a cada un dos membros da Corporación afectados por estes cargos para a súa aceptación, se procede, comunicándose esta circunstancia ao Pleno Municipal na seguinte sesión ordinaria.*

O Pleno Municipal decidirá o que crea máis conveniente.

Bergondo, 9 de xuño de 2008=A alcaldesa=Asdo.: D.^a Alejandra Pérez Máquez”

A continuación toma a palabra o Sr. concelleiro do PP, José Luis Dans Medín e manifesta: ratificar o que dixemos na Comisión Informativa, votamos a favor da proposta.

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro de VB, Francisco Manuel Fafián Torreiro, e di: como xa dixemos na Comisión, a proposta da Alcaldía acerca dos salarios, no da Sra. alcaldesa estamos de acordo, me parece que se acolle vostede ao que se propuxo nunha emenda do Bloque Nacionalista Galego do 28 de xuño de 2007; cando precisamente aínda non hai un ano determináronse os salarios. O que si non podemos estar da acordo é que tendo en conta os tempos que vivimos se incrementa un 19% aos catro concelleiros de dedicación parcial, e un 7% ao concelleiro de Obras Públicas con dedicación exclusiva; non porque non creamos neles, nin que non vaian facer ben o traballo, simplemente é que estes cartos que se redistribúen agora, despois dun ano, non teñen unha xustificación para nós. Os dous millóns de pesetas que suman, 12.800 euros que incrementa aos seus compañeiros, nós entendemos que non están xustificadas; solo pasou un ano desde que se incrementara, o 28 de xuño de 2007, as contías para os concelleiros, un incremento de un 7 o de un 19 non se entende. O noso voto vai ser a abstención, primeiro, si estamos de acordo con que vostede asuma esa emenda que se propuxo o ano pasado, pero non podemos estar de acordo co resto, entendendo que non é nada ético repartirse un montante despois dun ano.

Sra. alcaldesa: esta no é unha proposta fixada nunha emenda en concreto senón nunhas contías, que poida coincidir, ou non, cunha emenda que se presentara o ano pasado.

Incidir en que a proposta na súa totalidade representa unha diminución con respecto ás contías que se estaban a percibir, e precisamente eses dous millóns de pesetas que vostede fala, pois é a redución anual que será no custo dos concelleiros do grupo de goberno; están feitos números, non hai ese incremento total do 19%, hai unha diminución global dun 10%; polo tanto podería seguirse co mesmo criterio sempre que este Pleno o aprobara, evidentemente, porque isto se trae á aprobación de todo o Pleno; ademais non hai ningunha contía establecida para os concellos, algo que persoalmente penso que si debería estar pola Xunta ou o Goberno estatal, diferenciando a característica dos concellos, número de habitantes, presupostos, etc.; non está así establecido é unha proposta que se fai, e, insisto, lle produce un aforro ao concello, e sinalar, como dicía na Comisión Informativa, que as delegacións dos concelleiros con dedicación parcial son importantes, lle dicía no seu momento de vintecatro horas, igual que vostedes, me recalca, e van ter unha presenza e unha maior competencia nas súas dedicacións, sen que iso supoña que a Alcaldía non teña que asumir as súas responsabilidades.

Sr. voceiro de VB: solo unha última cuestión, non é que pretenda facerlle ver o contrario pero 810 por catorce, por catro concelleiros son 45.000 euros, 1000 por catorce por catro, son 57.000, vostede ese 10% que puido aforrar aínda podería incrementalo mais, porque ninguén dubida da valía dos seus compañeiros, de que van estar aínda mais dispoñibles. Entendemos que un ano despois, por moito que vostede pretenda agora convencerme de que vai aforrar, aínda podía aforrar un pouquiño mais.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández e di: eu teño aquí diante a acta do Pleno do 28 de xuño de 2007, e di literalmente *o Grupo Municipal do BNG de Bergondo honrase en propoñer o seguinte acordo: fixar para o sr. Alcalde para a súa dedicación exclusiva a cantidade de 2.800 euros /14 mensualidades*, que é exactamente a proposta que agora nos

ven desde a Alcaldía, polo tanto, estamos plenamente de acordo con esa proposta, incluso imos mais aló, felicitamos a Sra. alcaldesa por haber tomado a decisión de baixarse o soldo considerablemente respecto ao soldo que tiña o anterior alcalde, e non solo por rebaixarse a cantidade en si, senón por facelo con pleno coñecemento público e sen ningún truco, por dicilo de algunha maneira, para que non se soubera a cantidade, como ocorría anteriormente; en iso estamos completamente de acordo coa proposta da Alcaldía; o que non nos parece ben, como di Manolo Fafián, o incremento que se propón para as dedicacións parciais, porque xa no Pleno do 28 de xuño do 2007 se facía unha proposta dun incremento do 17% coa mesma xustificación ca que se fai agora, dito literalmente *polo equipo de Goberno municipal tense previsto proceder a estruturar en diversas áreas os servizos municipais, de xeito que permitan desenvolver a complexa actividade do Concello de Bergondo na forma máis eficaz e eficiente posible, o que implica un notable incremento de traballo e de responsabilidade que sen dúbida repercutirá nun mellor funcionamento dos servizos*, o sexa, o que servía de xustificante hai un ano para incrementar o 17%, serve exactamente agora de xustificante para incrementar o 19 ou o 23, segundo se tomen os datos, por cento do salario das dedicacións parciais, a nós parécenos esaxerado, non lle encontramos xustificación; quizá habería que pensar en que esas catro dedicacións parciais poderían converterse en dúas dedicacións exclusivas, quizá fora mais efectivo para o traballo no concello, porque a xornada de traballo do tódolos organismos públicos é en xornada de mañá, co cal terían mais posibilidades de actuar nese sentido.

Nós votaríamos a favor se se acepta a proposta de que o incremento das retribucións da dedicación parcial se reducira ao establecido no incremento correspondente para cada ano, para os funcionarios; senón votaremos abstención.

Sra. alcaldesa: a proposta é a mesma; subliñar dúas cousas, con respecto ao que vostede dicía, hai unha palabra que non me gusta, que ademais se estivo poñendo na prensa estes días, de que a alcaldesa se rebaixaba o soldo, persoalmente no me rebaixo o soldo, a miña retribución era de 810 euros; por outro lado, podería ser como dicía o concelleiro, que nalgún momento se tivera que tomar a decisión de que este concello tamén tivera que ter mais dedicacións exclusivas, algo que tamén desde fai anos vimos comentando, pero non vemos a necesidade para todo o ano, si en épocas determinadas; sendo obxectivos, ao día de hoxe, non é necesario, aínda que probablemente se teña que ir a esa profesionalización aínda maior do traballo político.

Sr. voceiro do BNG: eu insisto simplemente en que non estamos falando dunha persoa concreta, estamos falando dun cargo; a Alcaldía rebaixase substancialmente as súas retribucións.

A continuación procedese á **votación** da **proposta de Alcaldía**, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: seis (6) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: un (1) voto a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dúas (2) abstencións; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dúas (2) abstencións.

Total: sete (7) votos a favor e catro (4) abstencións.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara aprobada por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

5.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA REFERENTES A:

d) INTEGRANTES DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

e) NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.

f) DELEGACIONES DE ALCALDÍA NOS/AS CONCELEIROS/A.

A continuación dáse conta e lectura das Resolucións núms. 386/2008, 387/2008 e 388/2008 de 6 de xuño, relativas aos nomeamentos dos/as integrantes da Xunta de Goberno Local, os Tenentes de Alcalde do Concello de Bergondo, e, das delegacións da Alcaldía nos diferentes concelleiros/a que se transcriben deseguido:

RESOLUCIÓN NÚM. 386/2008:

“De conformidade co preceptuado no artigo 23.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), art. 52 do Real Decreto 2568/1968, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e 65 da Lei 5/97, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALGa); é atribución do alcalde nomear e separa libremente aos/ás integrantes da Xunta de Goberno Local.

En cumprimento do establecido na citada normativa, pola presente, RESOLVO:

Primeiro: Nomear como membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros/as:

D. José Manuel Francisco Mata Buyo

D. Jesús Vázquez García

D. Francisco Javier Santos Maseda

D. Domingo Fuentes Rocha

Segundo: Dar conta ao Pleno municipal da presente Resolución, de acordo co previsto no artigo 38 do ROF.

Bergondo, 6 de xuño de 2008.

A alcaldesa= Alejandra Pérez Máquez.

Ante min=A secretaria= M.^a de las Mercedes Fdez. González “

RESOLUCIÓN NÚM. 387/2008:

De conformidade co preceptuado nos arts. 21.2 e 23.3 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), art. 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e os arts. 62 e 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALGa), é atribución do alcalde o libre nomeamento e cese dos Tenentes de Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Previo cumprimento do establecido na citada lexislación, pola presente.

RESOLVO:

Primeiro: Nomear Tenentes de Alcalde, e na orde que se determina, aos seguintes concelleiros:

PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE: *D. José Manuel Francisco Mata Buyo*

SEGUNDO “ “ : *D. Jesús Vázquez García*

TERCEIRO “ “ : *D. Francisco Javier Santos Maseda*

CUARTO “ “ : *D. Domingo Fuentes Rocha*

Segundo: Notificar a presente Resolución persoalmente aos designados, e publicar os nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 46.1 do ROF.

Terceiro: Dar conta ó Pleno Municipal da presente Resolución, de acordo co previsto no art. 38 do ROF.

Bergondo, 6 de xuño de 2008.

A alcaldesa= Alejandra Pérez Máquez.

Ante min=A secretaria= M.^a de las Mercedes Fdez. González “

RESOLUCIÓN NÚM. 388/2008:

“O artigo 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LRBL), determina que a Alcaldesa pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos integrantes da Xunta de Goberno local, sen prexuízo das delegacións especiais que para cometidos específicos poida realizar en favor de calquera concelleiro ou concelleira, aínda que non pertenza á Xunta de Goberno.

Pola súa parte, o art. 43 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en adiante ROF), reproduce o disposto polo precepto legal citado, engadindo, que as delegacións xenéricas referiranse a unha ou varias áreas ou materias determinadas, e poderán abarcar tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionarlles en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Tódalas delegacións serán realizadas mediante decreto que conterà o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se delegan, así como as condicións específicas do exercicio das mesmas na medida que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto no ROF.

En consecuencia, a fin de conseguir unha maior celeridade e eficacia na xestión municipal, e, en uso das atribucións que me están conferidas polos preceptos legais citados, RESOLVO:

Primeiro.- Delegar atribucións desta Alcaldía nos membros da Xunta de Goberno local, e na concelleira que se sinala a continuación:

A) Delegar as atribucións da área de "URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, VÍAS e OBRAS" ao señor concelleiro, 1.º Tte. de alcalde, D. José M. Francisco Mata Buyo.

B) Delegar as atribucións da área de "SERVIZOS XERAIS e INDUSTRIA" ao señor concelleiro, 2.º Tte. de alcalde, D. Jesús Vázquez García.

C) Delegar as atribucións da área de "DEPORTE, PROMOCIÓN ECONÓMICA e RÉXIME INTERIOR" ao señor concelleiro, 3.º Tte de alcalde, D. Javier Santos Maseda

D) Delegar as atribucións da área de "SEGURIDADE CIDADÁ, ECONOMIA e FACENDA", no 4.º Tte. De alcalde, D. Domingo Fuentes Rocha.

E) Delegar as atribucións da área de "BENESTAR SOCIAL e XUVENTUDE" na señora concelleira D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado

Estas delegacións de atribucións refírense ás facultades de dirixir e xestionar os servizos incluídos en cada Departamento.

F) Delegar a seguintes atribucións que comprenderán as facultades de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros ou comprometan gastos:

- as resolucións de concesión de licenzas de obras menores que se delegan expresamente no señor concelleiro, 1.º Tte. de alcalde, D. José M. Francisco Mata Buyo; e,

- os acordos de prestación do Servizo de Axuda no Fogar e das axudas a familias con escasos recursos económicos, que se delegan expresamente na señora concelleira, D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado.

- a autorización para a utilización das instalacións deportivas do concello, que se delega expresamente no 3.º Tte. de alcalde, D. Francisco Javier Santos Maseda.

- as resolucións da adxudicación dos contratos menores, que se delegan expresamente en cada un dos concelleiros responsables das distintas áreas, segundo a materia da súa competencia.

Segundo.- O ámbito de actuación dos asuntos ós que se refiren as delegacións serán o correspondente a todo o termo municipal.

Terceiro.- A fin de facilitar e axilizar o despacho de asuntos diarios e de trámite delégase a sinatura de documentos e escritos de trámite de cada departamento (remisión de asuntos e expedientes, informes, comunicacións, etc.), nos concelleiros delegados do respectivo departamento.

Cuarto.- De acordo co establecido nos arts, 44 e 114 do ROF, que se publique o presente decreto no Boletín Oficial da Provincia, e que se notifique ó órgano destinatario da delegación; así mesmo que se comuniquen ó Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar, con posterioridade a esta delegación.

Bergondo, 6 de xuño de 2008.

A alcaldesa= Alejandra Pérez Máquez.

Ante min=A secretaria= M.^a de las Mercedes Fdez. González “

O Pleno toma coñecemento e queda enterado das tres resolucións da Alcaldía anteriormente transcritas.

6.- TOMA DE COÑECEMENTO DA NOVA ESTRUCTURA ORGÁNICA DO CONCELLO.

A continuación dase conta e lectura, do decreto da Alcaldía núm. 395/2008, do 9 de xuño, polo que se establece a nova estrutura orgánica do Concello, que transcrito literalmente di:

“O pasado día 29 de maio, co motivo do falecemento do anterior alcalde, e, logo da toma de posesión do novo concelleiro da Corporación, D. Domingo Fuentes Rocha, tras ser nomeada polo Pleno, tomei posesión do cargo de alcaldesa do Concello de Bergondo.

En base ao exposto, e por razóns de eficacia e celeridade na administración local, polo presente RESOLVO:

Primeiro: Establecer a estrutura orgánica do Concello na forma que seguidamente se indica:

ÁREA	COMPETENCIAS
URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, VÍAS e OBRAS 1º Tenente de alcalde: D. José M. Francisco Mata Buyo	1.- OBRAS MUNICIPAIS 2.- CONSERVACIÓN: MANTEMENTO DE VÍAS, EDIFICIOS E EQUIPAMENTOS PÚBLICOS. 3.- PARQUES E XARDÍNS. LIMPEZA DE PRAIAS. 4.- INFRAESTRUTURAS: PLANS E PROGRAMAS DE INVERSIÓN PROVINCIAIS E AUTONÓMICOS. 5.- CEMITERIOS: XESTIÓN, LIMPEZA, CONSERVACIÓN, NOVA CONSTRUCCIÓN. 6.- LICENZAS DE OBRA E ACTIVIDADE. DISCIPLINA URBANÍSTICA. 7.- VIVENDA.

<p>SERVIZOS XERAIS e INDUSTRIA</p> <p>2º Tenente de alcalde: D. Jesús Vázquez García</p>	<p>1.- ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO: ACOMETIDAS, EXTENSIÓN. DEPURACIÓN.</p> <p>2.-ILUMINACIÓN PÚBLICA: CONSERVACIÓN. OBRA NOVA</p> <p>3.- LIMPEZA VIARIA: ROCES.</p> <p>4.-LIMPEZA DE EDIFICIOS PÚBLICOS: PERSOAL MUNICIPAL. EMPRESA DE XESTIÓN DE SERVIZOS</p> <p>5.- RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS.</p> <p>6.- INDUSTRIA: PARQUE EMPRESARIAL. RELACIÓNS COAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS.</p>
<p>DEPORTE, PROMOCIÓN ECONÓMICA e RÉXIME INTERIOR</p> <p>3º Tenente de alcalde: D. Francisco Javier Santos Maseda</p>	<p>1.- DEPORTE: ACTIVIDADE FÍSICO-DEPORTIVA</p> <p>2.- PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO: TURISMO. FEIRAS E EVENTOS.</p> <p>3.- PERSOAL E RÉXIME INTERIOR</p>
<p>SEGURIDADE CIDADÁ. ECONOMÍA E FACENDA</p> <p>4º Tenente de alcalde: D. Domingo Fuentes Rocha</p>	<p>1.- POLICIA</p> <p>2.- PROTECCIÓN CIVIL: EMERXENCIAS.</p> <p>3.- SEGURIDADE EN PRAIAS NA CAMPAÑA DE VERÁN.</p> <p>4.- PREVENCIÓN DE INCENDIOS. EXPEDIENTES.</p> <p>5.- ECONOMÍA E FACENDA.</p>
<p>BENESTAR SOCIAL e XUVENTUDE</p> <p>Sra Concelleira: D.ª M.ª Begoña Calviño Dorado</p>	<p>1.- XESTIÓN DE PROGRAMAS DOS SERVIZOS SOCIAIS</p> <p>2.-AXUDA NO FOGAR</p> <p>3.- SANIDADE: ATENCIÓN PRIMARIA.</p> <p>4.- MULLER, FAMILIA E IGUALDADE.</p> <p>5.- GARDERÍA INFANTIL</p> <p>6.- XUVENTUDE.</p>

Segundo: Dar conta ao Pleno municipal desta Resolución, para o seu coñecemento.

Bergondo, 9 de xuño de 2008.

A alcaldesa= Alejandra Pérez Máquez.

Ante min=A secretaria= M.ª de las Mercedes Fdez. González “

O Sr. voceiro de VB, Francisco Manuel Fafián Torreiro pregunta: comentou vostede que asumía Cultura e Educación como actividades da Alcaldía.

Sra. alcaldesa: todas as atribucións pertencen á Alcaldía, co cal o que non se delega especificamente, entendese expresamente non delegado; se podería facer constar, pero podería haber calquera outra cuestión que non estivera delegada e sempre a competencia é da Alcaldía.

Sr. voceiro de VB: era mais claro de cara á cidadanía, para quen teña acceso a esta acta.

Sra. alcaldesa: pódese facer constar esa rectificación, non hai ningún problema.

O Pleno toma coñecemento e queda enterado da resolución da Alcaldía.

7.- DAR CONTA DOS TITULARES E SUPLENTES QUE COMPOÑEN AS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

A continuación dáse conta e lectura, do decreto da Alcaldía núm. 407/2008, do 10 de xuño, que se transcribe a continuación:

“O Pleno municipal en sesión de data 28 de xuño de 2007 acordou por unanimidade crear as Comisións Informativas Especial de Contas e de Asuntos do Pleno, e así mesmo, a aplicación do voto ponderado para as mesmas, de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia. (LALGa).

Posteriormente, ó abeiro do artigo 125 do ROF, cada voceiro dirixiu ó Sr. alcalde escrito no que constan os titulares e suplentes das citadas comisións.

Con data 6 de xuño de 2008, o Grupo Municipal Socialista de Bergondo, en cumprimento do previsto no artigo 24 do ROF, determinaron nomear como voceiro deste Grupo a D. José M. Francisco Mata Buyo, en escrito rexistrado co número 3340, o día 6 de xuño de 2008; e de acordo co previsto no artigo 25.c) do ROF, determinaron os integrantes das Comisións Informativas de asuntos do Pleno e Especial de Contas, en escrito rexistrado con núm.3341, da citada data.

En base ó exposto, RESOLVO:

Manter a presidencia de ambas Comisións, segundo o previsto no artigo 125.a) do ROF, e os suplentes desta presidencia serán os Tenentes de Alcalde, pola orde de nomeamento determinada na Resolución 387/2008 de 6 de xuño, na que foron designados os mesmos; os outros aspectos quedarán tal e como se aprobaron con motivo da constitución do concello no Pleno de 28 de xuño de 2007.

Bergondo, 10 de xuño de 2008=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

O Pleno toma coñecemento e queda enterado da resolución da Alcaldía.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e quince minutos, remátase a sesión, por orde da Sra. alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, o secretario accidental, dou fe.

O secretario accidental

V. e Pr.:
A alcaldesa

Indalecio Taibo Salorio

Alejandra Pérez Máquez